II.7. Estacións meteorolóxicas e repetidores.

III. Mapas.

III.1. Topográfico.

III.2. Infraestruturas de defensa.

III.3. Zonificación.

III.4. Prioridade de actuación.

III.5. Isócronas aéreas.

III.6. Redes de xestión de biomasa.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Decreto 59/2009, do 26 de febreiro, polo que se regula a rastrexabilidade dos residuos.

O Decreto 221/2003, do 27 de marzo, polo que se establece un procedemento simplificado no control dos traslados de residuos perigosos producidos por pequenos produtores de residuos, facendo uso das facultades previstas na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, e tomando como referencia o Real decreto 833/1988, do 20 de xullo, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 20/1986, do 14 de maio, básica de residuos tóxicos e perigosos, estableceu un réxime simplificado no control dos traslados dos residuos perigosos producidos polos pequenos produtores, entendidos como aqueles que xeran menos de 10.000 quilos ao ano destes residuos dentro do ámbito territorial de Galicia.

Esta norma resultou de utilidade e cun alto grao de aceptación en canto ao sistema de control, porén limitou o seu ámbito de aplicación aos pequenos produtores de residuos perigosos. Neste sentido, quedan fóra do seu ámbito de aplicación aqueles produtores que superan esta cantidade, aínda que nalgúns casos os residuos enviados en cada traslado sexan en cantidade e perigosidade equiparables aos enviados polos pequenos produtores. Esta situación xustifica a ampliación do procedemento simplificado de traslados a todos os produtores de residuos perigosos, con independencia da cantidade de residuos que anualmente produzan.

Considérase necesario, ademais, establecer un protocolo que regule as transmisións de residuos perigosos e non perigosos entre produtores e xestores, ou entre estes últimos, de tal xeito que se determine en todo momento quen é o responsable do residuo cando se traslada e cando se xestiona.

A capacidade técnica e económica dalgúns dos colectivos afectados polos procedementos e obrigas previstas neste decreto, xunto co feito de contar coas ferramentas e a experiencia necesarias por parte da Administración, permiten facer uso da potestade prevista na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e establecer a utilización de sistemas telemáticos para a tramitación dos traslados de residuos perigosos dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, así como para a súa anotación no libro rexistro previsto nos artigos 13.3º e 23 da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos. Iso permitirá, ademais dun coñecemento en tempo real dos datos relevantes relacionados cos residuos, axilizar os trámites e o cumprimento das obrigas por parte dos usuarios. Esta nova regulación supón, en definitiva, unha simplificación administrativa dos procedementos relativos aos traslados dos residuos perigosos e non perigosos.

A publicación do Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, norma estatal básica, fai necesario adecuar a regulación autonómica nesta materia. Desta forma procédese a establecer un réxime común de obrigas para os produtores de residuos non perigosos e para os produtores de residuos de construción e demolición, categoría específica dos primeiros, evitando así a existencia de controis diferentes para actividades co mesmo risco ambiental.

Por último, o 18 de novembro de 2008, publícase no *Diario Oficial de Galicia* a Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia. Esta lei ten por obxecto, conforme prevé o seu artigo 1, previr a produción de residuos, establecer o réxime xurídico xeral de produción e xestión deles, e fomentar, por esta orde a súa redución, reutilización, reciclaxe e outras formas de valorización e a regulación dos solos contaminados, co fin de protexer o ambiente e a saúde humana.

O título V da Lei 10/2008, do 3 de novembro, dedícase ao réxime de intervención administrativa da produción e xestión de residuos, cuxa regulación está directamente relacionada co obxecto deste decreto, principalmente no procedemento de control dos traslados de residuos perigosos e non perigosos.

De acordo co disposto na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e, en cumprimento e execución do disposto na disposición derradeira primeira da Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, este decreto regula a rastrexabilidade dos residuos, co fin de ter en cada momento un control preciso dos traslados dos residuos.

Por todo isto, por proposta do conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e seis de febreiro de dous mil nove,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto e ámbito de aplicación.*

Este decreto ten por obxecto:

a) Establecer o procedemento de control dos traslados de residuos perigosos e non perigosos, incluídos no ámbito de aplicación do Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da pro-

dución e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, que se realicen pola vía pública dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os traslados de residuos perigosos que teñan inicio ou finalicen noutra comunidade autónoma rexeranse polo procedemento establecido no Real decreto 833/1988, do 20 de xullo, e demais normativa de desenvolvemento.

b) Regular a utilización de sistemas telemáticos para a tramitación dos traslados de residuos perigosos dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, e para a súa anotación no libro rexistro.

c) Adecuar o réxime administrativo a que están suxeitas as actividades de produción e xestión dos residuos de construción e demolición ao establecido no Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, norma estatal básica.

Capítulo I
Traslado de residuos perigosos

Artigo 2º.-*Documento de aceptación*.

Con carácter previo ao traslado de residuos perigosos, o/a produtor/a ou o/a xestor/a intermedio/a que posúe os residuos deberá obter un documento de aceptación destes por parte do/a xestor/a destinatario/a. No dito documento deberá constar o consentimento do/a xestor/a, a súa sinatura e os datos que identifican o residuo que se acepta.

Artigo 3º.-*Aviso previo do traslado*.

1. O/a produtor/a ou xestor/a remitente dun residuo perigoso, cuxo traslado se pretende, deberá notificarllo cunha antelación mínima de 10 días á data do traslado ao órgano ambiental competente en materia de residuos.

2. Cando se prevexa realizar un traslado de residuos mediante a tramitación dalgún dos procedementos simplificados previstos no artigo 5º, o/a remitente poderá convir co/coa xestor/a que sexa este/a quen efectúe o aviso previo de traslado. Este acordo deberá comunicarllo ao órgano ambiental competente en materia de residuos.

No aviso previo deberase identificar o/a remitente que vai efectuar a entrega do residuo, o lugar e a data prevista de recollida, os datos do transporte que se utilizará, a cantidade e o tipo de residuo -con identificación do código da Lista europea de residuos- que se vai trasladar, o itinerario previsto e o/a xestor/a destinatario/a do residuo.

Nun único aviso previo poderanse notificar os traslados que prevén realizar, no prazo máximo dun ano contado desde a data da notificación, varios/as produtores/as ou xestores/as e de varios residuos.

3. O órgano ambiental competente poderá, por petición dos interesados, eximir da obriga de realizar o aviso previo dun traslado de residuos perigosos coa antelación mínima de 10 días, cando por razóns extraordinarias ou imprevistas sexa necesario proceder a trasladar os residuos perigosos producidos sen máis demora.

Artigo 4º.-*Documentos que controlan o traslado*.

Sen prexuízo das disposicións que regulan a normativa de transporte de mercadorías, o control do traslado dos residuos perigosos, segundo o tipo de procedemento, levarase a cabo mediante os seguintes documentos:

1. Procedemento simplificado de recolla dun mesmo tipo de residuo a diferentes produtores:

a) Documento itinerante (modelo SXCR-1). Este documento débese utilizar na recolla itinerante dun mesmo tipo de residuo a varios/as produtores/as realizada tanto por un/unha transportista que asume a titularidade como por un/unha transportista de residuos perigosos que non asume a súa titularidade.

En cada documento só se pode reflectir a recolla a un máximo de 20 produtores/as. O documento itinerante axustarase ao modelo recollido no anexo I deste decreto.

b) Xustificante de entrega (modelo SXCR-2). Este xustificante xúntase a cada documento itinerante, e nel farase constar a entrega do residuo por parte do/a produtor/a ao/á transportista ou xestor/a. Este documento serviralle ao/á produtor/a como comprobante do destino dado ao residuo.

No suposto de recollida itinerante de residuos efectuada por un/unha transportista que non asume a titularidade do residuo para a súa posterior entrega a un/unha xestor/a, o xustificante de entrega terá carácter provisional ata a efectiva recepción e aceptación dos residuos por parte do xestor destinatario.

En cada xustificante de entrega deberá figurar o número do documento de control e seguimento itinerante (modelo SXCR-1) que corresponde, máis dous díxitos que, de forma correlativa e ata un máximo de 20, indicarán o número de produtores/as implicados no traslado. O xustificante de entrega axustarase ao modelo recollido no anexo II.

2. Procedemento simplificado de recolla dun ou varios tipos de residuos a un mesmo produtor:

Documento de control e seguimento para a recolla dun ou varios residuos (modelo SXCR-3). Este documento débese utilizar cando un xestor ou un transportista de residuos perigosos que non asume a súa titularidade recolle no mesmo traslado un ou diferentes tipos de residuo a un mesmo produtor.

En cada documento só se pode reflectir o traslado dun máximo de 20 tipos diferentes de residuos. Este documento axustarase ao modelo recollido no anexo III.

3. Procedemento ordinario de recollida dun mesmo tipo de residuo a un/unha produtor/a ou xestor/a intermedio/a:

Documento de control e seguimento (DCS). Este documento poderase utilizar con carácter opcional ao indicado no parágrafo 2 deste artigo, cando se trate do traslado dun único residuo procedente dunha persoa produtor ou xestor intermedio (posuidor do residuo).

Este documento axustarase ao modelo recollido no anexo IV.

Artigo 5º.-*Formalización do traslado*.

A formalización dun traslado de residuos perigosos pódese realizar por calquera dos procedementos seguintes:

a) Procedemento simplificado de recolla itinerante dun mesmo residuo a varios produtores efectuada por xestor/a-recolledor/a (transportista que asume a titularidade do residuo).

No acto da recolla itinerante de residuos perigosos por parte dunha persoa transportista que asume a titularidade do residuo, este debe cubrir o documento itinerante (SXCR-1) cos datos correspondentes a cada entrega de residuos. En todo caso, no SXCR-1 deberá figurar a sinatura e o selo de cada persoa produtora do residuo, así como a sinatura e o selo da persoa xestora-recolledora que amose a súa conformidade coa transferencia de titularidade do residuo.

A persoa-xestora recolledora, no caso de aceptar o residuo entregado, debe proporcionar ao/á produtor/a un xustificante de entrega (SXCR-2) debidamente asinado e selado. A partir do momento da entrega e sen prexuízo do establecido no artigo 6º, trasládase o ámbito de responsabilidade ao xestor-recolledor. O xustificante de entrega (SXCR-2) servirá para acreditar a asunción de responsabilidade por parte da persoa xestor/a do residuo recollido.

O/a xestor/a conservará para o seu arquivo o documento itinerante (SXCR-1) debidamente cuberto e asinado, e enviará unha copia asinada por el ao órgano administrativo competente en materia de residuos, antes do día 10 do mes seguinte ao que se efectuou o traslado.

Todo isto sen prexuízo do establecido na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, en materia de documentos e copias electrónicas.

b) Procedemento simplificado de recolla itinerante dun mesmo residuo a varios/as produtores/as efectuada por transportista que non asume a súa titularidade.

No acto de recollida itinerante de residuos perigosos por parte dunha persoa transportista que non asume a titularidade do residuo, para a súa posterior entrega a unha persoa xestora autorizada, o/a transportista debe cubrir o documento itinerante (SXCR-1) cos datos correspondentes á entrega de residuos que fai cada produtor/a. No documento itinerante tamén deberá figurar a sinatura e o selo de cada produtor/a, así como a sinatura e o selo do/a transportista.

O/a transportista deberá entregar a cada produtor/a un xustificante de entrega (SXCR-2) provisional debidamente asinado e selado, en que fará constar que vai realizar o transporte do residuo e a súa entrega ao xestor destinatario.

Unha vez efectuada a entrega do residuo a persoa xestora destinataria, este comprobará que os datos que constan no documento itinerante (SXCR-1) son correctos. Se é o caso, procederá a aceptar o residuo asinando o documento itinerante e as copias definitivas dos xustificantes de entrega (SXCR-2), que deberá entregar no prazo de un mes aos/ás produtores/as, sendo este documento o que acredita a asunción de responsabilidade por parte do/a xestor/a do residuo entregado.

O/a xestor/a destinatario/a conservará copia do documento itinerante (SXCR-1), debidamente cuberto e asinado, para o seu arquivo, e enviará outra copia debidamente asinada ao órgano administrativo competente en materia de residuos, antes do día 10 do mes seguinte ao que se efectuou o traslado.

Todo isto sen prexuízo do establecido a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, en materia de documentos e copias electrónicas.

c) Procedemento simplificado de recollida dun ou varios residuos diferentes a unha mesma persoa produtora efectuada pola persoa xestora-recolledora (transportista que asume a titularidade do residuo).

No acto de recollida dos residuos, a persoa xestora-recolledora debe cubrir o documento de control e seguimento para a recollida de residuos diferentes a unha mesma persoa produtora (SXCR-3).

O/a produtor/a e o/a xestor/a recolledor/a, cos respectivos selos e sinaturas, darán conformidade á entrega e aos datos que constan no documento de control e seguimento (SXCR-3). A partir deste momento o/a xestor/a asume a titularidade e a responsabilidade do transporte e xestión do residuo, sen prexuízo do establecido no artigo 6º.

O/a xestor/a recolledor/a entregará unha copia do documento de control e seguimento (SXCR-3), debidamente cuberto e asinado, ao/á produtor/a, conservará unha copia para o seu arquivo, e enviará outra copia asinada por el ao órgano administrativo competente en materia de residuos antes do día 10 do mes seguinte ao que se efectuou o traslado.

Todo isto sen prexuízo do establecido na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, en materia de documentos e copias electrónicas.

d) Procedemento simplificado de recollida dun ou varios residuos diferentes a unha mesma persoa produtora efectuada por transportista que non asume a súa titularidade.

Cando a recollida dos residuos a efectúa unha persoa transportista que non asume a súa titularidade, para a súa posterior entrega a unha persoa xestora autorizada, é o/a produtor/a quen debe cubrir e asinar o documento de control e seguimento (SXCR-3). Unha vez conformado o documento coa sinatura e selo do/a produtor/a e do/a transportista, o/a produtor/a conservará unha copia provisional, que lle servirá como xustificante da entrega do residuo, e entregarlle catro copias máis ao/á transportista.

No momento en que o/a transportista entregue o residuo ao/á xestor/a destinatario/a, este comprobará que os datos que constan no documento de control e seguimento son correctos e procederá a aceptar, se é

o caso, o residuo asinando o documento. O/a xestor/a deberá remitir no prazo máximo dun mes copia do documento definitivo ao/a produtor/a.

O/a produtor/a dos residuos será titular e responsable deles ata que o/a transportista os entregue ao/á xestor/a destinatario/a e este os acepte. Exceptúase desta responsabilidade a derivada das obrigas asumidas polo transportista no contrato de transporte.

O/a produtor/a e o/a xestor/a destinatario/a conservarán cadansúa copia do documento (SXCR-3), debidamente cuberta e asinada, para o seu arquivo. Así mesmo, o/a xestor/a destinatario/a enviará outra copia á consellería competente en materia de residuos antes do día 10 do mes seguinte ao que se efectuou o traslado.

Todo isto sen prexuízo do establecido na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, en materia de documentos e copias electrónicas.

e) Procedemento ordinario de recollida dun único residuo a un/unha produtor/a ou xestor/a intermedio/a.

No acto de entrega dos residuos, a persoa remitente (produtor/a ou xestor/a que xera o residuo) deberá cubrir e asinar debidamente o grupo de datos do documento de control e seguimento (modelo DCS) que lle corresponde como tal, e entregará tres copias á persoa transportista ou á persoa xestora-recolledora para que acompañen o residuo ata o seu destino.

O/a remitente conservará para o seu arquivo un exemplar do DCS e enviará outro exemplar asinado ao órgano administrativo competente en materia de residuos, antes do día 10 do mes seguinte ao que se efectuou o traslado.

O/a xestor/a, recolledor/a ou destinatario/a, que reciba xunto co residuo as correspondentes copias do DCS, antes de asinalas comprobará os datos declarados pola persoa remitente e, de ser o caso, no punto de incidencias describirá calquera incidencia ou variación que se detecte. Só no caso de aceptar a transferencia de titularidade do residuo, cubrirá o grupo de datos que lle corresponden nos exemplares e asinaraos o/a responsable autorizado/a pola empresa.

Unha vez debidamente cubertos e asinados, o/a xestor/a recolledor/a ou destinatario/a conservará para o seu arquivo un exemplar do DCS, enviará outro exemplar á persoa remitente no prazo máximo dun mes, tras a recepción do residuo, para comunicarlle a súa aceptación ou non, e o outro exemplar restante remitirao ao órgano administrativo competente en materia de residuos, antes do día 10 do mes seguinte ao que se efectuou o traslado.

Todo isto sen prexuízo do establecido na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, en materia de documentos e copias electrónicas.

No caso de detectarse algunha incidencia con posterioridade á sinatura e envío da copia do DCS, o/a destinatario/a, titular legal do residuo, comunicarallo ao órgano ambiental de xeito inmediato.

Artigo 6º.-*Rexeitamento do traslado*.

1. Se no momento da recepción do residuo, a persoa xestora (recolledor/a ou destinatario/a) apreciase que non concorda coas características indicadas previamente no documento de aceptación ou calquera outra circunstancia que impida a súa xestión, deberá rexeitalo, reflectindo esta circunstancia no correspondente documento de traslado, e comunicarllo de forma inmediata á dirección xeral competente en materia de residuos, mediante fax, correo ou outro medio electrónico que habilite este órgano ambiental. Neste sentido, indicarase se o envío retorna coa mesma persoa transportista ao centro de orixe do/a remitente ou, cando isto non sexa posible, se queda en almacenamento temporal na instalación do/a destinatario/a ou se envía a outro/a xestor/a.

2. Serán por conta do/a remitente (produtor/a ou xestor/a intermedio/a que posúe os residuos) os gastos ocasionados como consecuencia da devolución de residuos cando estes non concordan coas características indicadas previamente no documento de aceptación.

3. Se é o caso, o prazo para rexeitar e devolver o residuo poderá ser de ata cinco días se o/a xestor/a tivese que tomar mostras do residuo non identificable visualmente. Os resultados destas mostras deberán conservarse polo menos durante seis meses desde a data en que se puxo en coñecemento da Administración o rexeitamento do residuo.

Artigo 7º.-*Conservación da documentación*.

Tanto as persoas produtoras como as persoas xestoras deberán conservar por un período mínimo de cinco anos cadanseus documentos e xustificantes de traslado, sen prexuízo do establecido na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, en materia de documentos e copias electrónicas.

Capítulo II
Traslado de residuos non perigosos

Artigo 8º.-*Obrigas das persoas produtoras de residuos non perigosos*.

1. O/a produtor/a dos residuos estará obrigado/a, mentres se atopen no seu poder, a mantelos en condicións axeitadas de hixiene e seguridade, a separar os distintos tipos de residuos producidos, así como a evitar a mestura de fracción dos residuos producidos que impida ou dificulte o seu posterior traslado, valorización ou eliminación.

2. O/a produtor/a de residuos non perigosos que, conforme o establecido no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, estea obrigado/a a notificar a súa actividade á autoridade competente para a súa inscrición no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, deberá presentar xunto coa notificación, un estudo sobre os residuos producidos co contido mínimo seguinte:

-Destino final dos residuos, con descrición dos sistemas de almacenaxe, recollida e transporte.

-Plano da instalación en que se representen os lugares de almacenamento dos residuos non perigosos producidos.

-Ratio de xeración de residuos con respecto ás unidades de produción.

Artigo 9º.-*Traslado de residuos non perigosos*.

O réxime xurídico do traslado dos residuos non perigosos é o seguinte:

a) Traslado de residuos non perigosos distintos aos residuos de construción e demolición.

Sen prexuízo das disposicións que regulan a normativa de transporte de mercadorías, agás cando se trate de residuos urbanos procedentes dos fogares particulares, a entrega de residuos non perigosos entre as persoas produtoras e xestoras autorizadas, ou destes entre si, deberá documentarse mediante un comprobante de entrega no que figuren como mínimo os seguintes datos:

-Identificación do centro remitente do residuo (a persoa produtora ou xestora de que procede).

-Características dos residuos.

-Identificación da persoa xestora destinataria e do tipo de xestión que vai realizar.

-Data de entrega dos residuos e sinatura da persoa xestora.

No acto de recepción dos residuos, o/a xestor/a destinatario/a asume a responsabilidade do residuo, sen prexuízo do réxime de responsabilidade administrativa previsto no artigo 33 da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos. O/a xestor/a destinatario/a cubrirá e asinará o correspondente comprobante de entrega para facilitarllo ao remitente (produtor/a ou xestor/a que xera o residuo) no prazo máximo dun mes tras a recepción do residuo.

O/a remitente (produtor/a ou xestor/a que xera o residuo) e o/a destinatario/a conservarán copia do comprobante de entrega debidamente asinado para o seu arquivo, por un período non inferior a cinco anos.

En relación co anterior, incorpórase no anexo V un modelo orientativo para este documento de entrega.

b) Traslado de residuos non perigosos de construción e demolición.

Sen prexuízo das disposicións que regulan a normativa de transporte de mercadorías, o traslado de residuos de construción e demolición regularase pola súa normativa específica contida no Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.

O traslado de residuos de construción e demolición desde o/a produtor/a ata o/a xestor/a destinatario/a documentarase mediante un comprobante de entrega co contido mínimo que se especifica no anexo VI.

O traslado de residuos de construción e demolición entre xestores documentarase mediante un comprobante de entrega, conforme o especificado na alínea a) deste artigo.

Capítulo III
Libro de rexistro

Artigo 10º.-*Rexistro*.

Os/as produtores de residuos perigosos, os/as produtores de residuos non perigosos (cando non teñan a consideración de residuos urbanos ou municipais), os/as transportistas de residuos perigosos que asumen ou non a titularidade do residuo, así como os/as xestores de residuos perigosos ou non perigosos que realicen operacións de almacenamento, valorización ou eliminación, deben levar un rexistro documental dos residuos producidos e/ou xestionados.

Artigo 11º.-*Contido do libro de rexistro*.

1. Sen prexuízo do establecido no artigo 13º, o rexistro documental a que fai referencia o artigo anterior realizarase nun libro de rexistro co seguinte contido mínimo:

a) Produtor/a:

-Orixe dos residuos.

-Cantidade, natureza e código de identificación dos residuos.

-Data de cesión dos residuos.

-Se é o caso, data e descrición dos pretratamentos realizados.

-Se é o caso, data de inicio e finalización do almacenamento temporal.

-No caso de importación de residuos perigosos, data e número da partida arancelaria.

-No caso dun produtor autorizado para realizar operacións de xestión *in situ*, data e descrición das operacións de tratamento e eliminación.

-Frecuencia da recollida e medio de transporte.

-Se é o caso, a data, o motivo, o número de documento de control e seguimento ou de documento de entrega do traslado, nos supostos de rexeitamento do traslado do residuo.

b) Xestor/a:

-Procedencia dos residuos.

-Cantidades, natureza, composición e código de identificación dos residuos.

-Data de aceptación e recepción dos residuos.

-Tempo de almacenamento.

-Operacións de tratamento e eliminación, datas, parámetros e datos relativos aos diferentes procesos e destino posterior dos residuos.

-Se é o caso, a data, o motivo, o número de documento de control e seguimento ou de documento de entrega do traslado, nos supostos de rexeitamento do traslado do residuo.

2. Establécese o prazo máximo dun mes, contado desde a data de envío ou recepción dun residuo, para anotar no libro de rexistro o correspondente traslado.

3. O libro de rexistro estará á disposición das administracións públicas competentes, por petición des-

tas. A documentación referida a cada ano natural debe manterse durante os cinco anos seguintes.

CAPÍTULO IV
PROCEDEMENTO TELEMÁTICO

Artigo 12º.-*Utilización de aplicacións telemáticas para o control do traslado de residuos perigosos*.

Os/as produtores/as de residuos perigosos que xeren máis de 10 toneladas ao ano e os/as xestores/as de residuos perigosos deberán utilizar as aplicacións telemáticas habilitadas na páxina web do Sistema de Información de Residuos de Galicia (SIRGa), con sinatura electrónica recoñecida e admitida pola Xunta de Galicia, para a presentación dos documentos de traslado de residuos perigosos que se inicien e finalicen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, salvo que acrediten motivadamente que non concorren neles os supostos do artigo 27.6º da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Artigo13º.-*Libro de rexistro telemático*.

Os/as produtores/as de residuos perigosos que xeren máis de 10 toneladas ao ano, os/as produtores/as de residuos non perigosos que xeren máis de 1.000 toneladas ao ano (cando non teñan a consideración de residuos urbanos ou municipais), os/as xestores/as de residuos perigosos que realicen as actividades de transporte asumindo a titularidade do residuo, almacenamento, valorización ou eliminación, así como os/as xestores/as de residuos non perigosos que realicen a actividade de eliminación en vertedoiro, deberán manter o libro de rexistro utilizando as aplicacións informáticas dispoñibles para iso no Sistema de Información de Residuos de Galicia (SIRGa), salvo que acrediten motivadamente que non concorren neles os supostos do artigo 27.6º da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

O mantemento do libro de rexistro por medios telemáticos, a través de o SIRGa, terá validez xurídica suficiente para os efectos do establecido neste decreto, así como nos artigos 16 e 37 do Real decreto 833/1988, do 20 de xullo.

CAPÍTULO V
PROCEDEMENTO E POTESTADE SANCIONADORA

Artigo 14º.-*Infraccións e sancións*.

O incumprimento das obrigas establecidas neste decreto dará lugar á aplicación do réxime sancionador previsto na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, e na Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia.

Artigo 15º.-*Procedemento*.

O procedemento sancionador por incumprimento das obrigas establecidas neste decreto rexerase polo establecido nas leis 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, 10/1998, do 21 de abril, de residuos e 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia e no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Artigo 16º.-*Competencias*.

1. A incoación e instrución dos procedementos sancionadores por calquera incumprimento do establecido neste decreto que constitúan infracción tipificada nas Leis 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, e 10/1998, do 21 de abril, de residuos, será competencia das correspondentes delegacións provinciais da consellería competente en materia de ambiente.

2. A resolución dos expedientes a que se refire o parágrafo anterior corresponderanlle:

a) Nas infraccións leves, ao director xeral competente en materia de residuos.

b) Nas infraccións graves, ao conselleiro competente en materia de residuos.

c) Nas infraccións moi graves, ao Consello da Xunta de Galicia.

Disposición adicional

Única.-*Eliminación de residuos en vertedoiro*.

Facúltase o titular da consellería competente en materia de ambiente para regular un mecanismo de comprobación para verificar que os residuos que teñan como destino a vertedura cumpren coas condicións necesarias para que o vertido poida ser realizada en condicións ambientais axeitadas. Especialmente, deberase comprobar que tanto a caracterización básica como as probas de conformidade se realizaron correctamente, e que nos comprobantes de entrega regulados no artigo 9º figure información acreditativa diso.

Disposicións derrogatorias

Primeira.-Derrógase o Decreto 221/2003, do 27 de marzo, polo que se establece un procedemento simplificado no control dos traslados de residuos perigosos producidos por pequenos produtores de residuos.

Segunda.-Derróganse as alíneas g) e l) do artigo 3 e a alínea d) do artigo 5, e os artigos 25 e 26 do Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase o conselleiro competente en materia de ambiente para ditar as disposicións que resulten necesarias para a aplicación e desenvolvemento deste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor aos vinte días seguintes ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, agás as obrigas contidas nos artigos 12º e 13º que serán de aplicación no prazo dos seis meses seguintes á data da entrada en vigor desta norma.

Santiago de Compostela, vinte e seis de febreiro do dous mil nove.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

Manuel Vázquez Fernández
Conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
NOTIFICACIÓN PREVIA DO TRASLADO DE RESIDUOS PERIGOSOS	***MA967C***	***NOTIFICACIÓN***

A) DATOS DO PRODUTOR

RAZÓN SOCIAL	NIF/CIF	ENDEREZO DO CENTRO	PROVINCIA	CONCELLO

B) DATOS DOS RESIDUOS QUE SE TRASLADAN

CÓDIGO LER	DESCRICIÓN	CANTIDADE (Kg)

C) DATOS DO TRANSPORTE

RAZÓN SOCIAL	NIF/CIF	MEDIO DE TRANSPORTE	MATRÍCULA	ITINERARIO PREVISTO

D) DATOS DO XESTOR AO CAL SE ENVÍAN

RAZÓN SOCIAL	NIF/CIF	ENDEREZO DO CENTRO	PROVINCIA	CONCELLO

NOTA: no caso de que o traslado afecte máis dunha comunidade autónoma a notificación deberá remitila ao Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño.

Conforme o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e serán rexistrados no correspondente ficheiro da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición ante esta dirección xeral, sita en San Lázaro, s/n 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

LEXISLACIÓN APLICABLE

Decreto 59/2009, do 26 de febreiro, polo que se regula a rastrexabilidade dos residuos.

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

Lugar e data

, de de 200

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

_____

DATA DE ENTRADA

____/____/_____

DATA DE EFECTOS

____/____/_____

DATA DE SAÍDA

____/____/_____

Director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

ANEXO I

Documento de control e seguimento itinerante de residuos perigosos (modelo SXCR 1)

DOCUMENTO GA Nº Z

DATOS DO TRANSPORTE			
Marque cun X segundo sexa: XESTOR-RECOLLEDOR (asume a titularidde do residuo) TRANSPORTISTA (non asume a titularidde do residuo)			
NOME OU RAZÓN SOCIAL:	NIF/CIF:		Nº DE AUTORIZACIÓN OU INSCRICIÓN:
ENDEREZO DO CENTRO DE TRABALLO:	CP	LOCALIDADE:	PROVINCIA:
PERSOA RESPONSABLE:	TELÉFONO:	FAX:	MATRÍCULA DO VEHÍCULO:

DATOS DO XESTOR DESTINATARIO (cubrir só no caso de que o traslado o faga un transportista que non asume a titularidade do residuos)			
NOME OU RAZÓN SOCIAL:	NIF/CIF:		Nº DE AUTORIZACIÓN:
ENDEREZO DO CENTRO DE TRABALLO:	CP	LOCALIDADE:	PROVINCIA:

DATOS DO RESIDUO	
NOME DO RESIDUO:	CÓDIGO LER:
CÓDIGO R.D. 952/1997:	INCIDENCIAS DA RECOLLA, TRASLADO E ENTREGA DOS RESIDUOS:

DATOS DOS PRODUTORES

Nº xustificante de entrega	Nome ou razón social Enderezo e concello do centro de traballo	NIF/CIF Nº autorización ou inscrición	Data quilos recollidos
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
8			
9			
10			
11			
12			
13			
14			
15			
16			
17			
18			
19			
20			

SELO E SINATURA DO TRANSPORTISTA QUE NON ASUME A TITULARIDADE DO RESIDUO (Só é preciso no caso de que o transportista non asuma a titularidade do residuo)	SELO, SINATURA E DECLARACIÓN DE ACEPTACIÓN DO RESIDUO DO XESTOR (recolledor ou destinatario) Acepto os residuos relacionados neste documento e asumo a súa responsabilidade

SINATURA E SELO DAS EMPRESAS PRODUTORAS

1	2
3	4
5	6
7	8
9	10
11	12
13	14
15	16
17	18
19	20

ANEXO II

XUSTIFICANTE DE ENTREGA
(Modelo SXCR-2)

Data: Nº Z -

DATOS DO PRODUTOR

Nome ou razón social: Concello:
NIF/CIF: Provincia:

DATOS DO TRANSPORTE ☐ xestor-recolledor (asume a titularidade do residuo) ☐ transportista

NIF/CIF: Nome ou razón social:

Nº de autorización ou inscrición:

DATOS DO RESIDUO

Código LER: Descrición:
Quilos recollidos:

DATOS DO XESTOR DESTINATARIO (cubrir só no caso de que o traslado o faga un transportista que non asume a titularidade do residuo)

NIF/CIF: Nome ou razón social:
Nº de autorización:

Sinatura e selo do transportista (se é o caso)	Sinatura e selo do xestor (recolledor ou destinatario)

EXEMPLAR PARA O PRODUTOR (provisional, no caso de que o transportista non asuma a titularidade do residuo)

XUSTIFICANTE DE ENTREGA
(Modelo SXCR-2)

Data: Nº Z -

DATOS DO PRODUTOR

Nome ou razón social: Concello:
NIF/CIF: Provincia:

DATOS DO TRANSPORTE ☐ xestor-recolledor (asume a titularidade do residuo) ☐ transportista

NIF/CIF: Nome ou razón social:

Nº de autorización ou inscrición:

DATOS DO RESIDUO

Código LER: Descrición:
Quilos recollidos:

DATOS DO XESTOR DESTINATARIO (cubrir só no caso de que o traslado o faga un transportista que non asume a titularidade do residuo)

NIF/CIF: Nome ou razón social:
Nº de autorización:

Sinatura e selo do transportista (se é o caso)	Sinatura e selo do xestor (recolledor ou destinatario)

EXEMPLAR PARA O PRODUTOR (Definitivo, entregarase asinado polo xestor)

ANEXO III

Documento de control e seguimento de varios residuos recollidos a un mesmo produtor (Modelo SCXR 3)

Data da recollida:...../...../..... Nº aviso previo: DOCUMENTO GA Nº X

DATOS DO TRANSPORTE

Marque cun X segundo sexa: XESTOR RECOLLEDOR ☐ (asume a titularidade do residuo) TRANSPORTISTA ☐ (non asume a titularidade do residuo)

NOME OU RAZÓN SOCIAL:	NIF/CIF:		Nº DE AUTORIZACIÓN OU INSCRICIÓN:
ENDEREZO DO CENTRO DE TRABALLO:	CP	LOCALIDADE:	PROVINCIA:
PERSOA RESPONSABLE:	TELÉFONO:	FAX:	MATRÍCULA DO VEHÍCULO:

DATOS DO PRODUTOR

NOME OU RAZÓN SOCIAL:	NIF/CIF:		Nº DE AUTORIZACIÓN:
ENDEREZO DO CENTRO DE TRABALLO:	CP	LOCALIDADE:	PROVINCIA:

DATOS DO XESTOR DESTINATARIO
(cubrir só no caso de que o traslado o faga un transportista que non asume a titularidade dos residuos)

NOME OU RAZÓN SOCIAL:	NIF/CIF:		Nº DE AUTORIZACIÓN:
ENDEREZO DO CENTRO DE TRABALLO:	CP	LOCALIDADE:	PROVINCIA:

DATOS DOS RESIDUOS

Doc.	Nome do residuo	LER	Código R.D. 952/1997	Cantidade (quilos)
A				
B				
C				
D				
E				
F				
G				
H				
I				
J				
K				
L				
M				
N				
Ñ				
O				
P				
Q				

INCIDENCIAS NA RECOLLA, TRASLADO E ENTREGA

SINATURA E SELO DO PRODUTOR	SINATURA E SELO DO TRANSPORTISTA QUE NON ASUME A TITULARIDADE (só é preciso no caso de que o transportista non asuma a titularidade)	SINATURA E DECLARACIÓN DE ACEPTACIÓN DO RESIDUO DO XESTOR (recolledor ou destinatario). Acepto os residuos relacionados neste documento e asumo a súa responsabilidade

ANEXO IV

Documento de control e seguimento de residuos perigosos (Modelo DCS)

Sinatura do responsable do envío:

Documento GA Nº

A. DATOS PARA CUBRIR POLO REMITENTE

A.1. DATOS DO CENTRO PRODUTOR

Márquese cun X segundo sexa: PRODUTOR ☐ XESTOR INTERMEDIO ☐

Nome ou razón social: NIF/CIF:

Denominación do centro: Nº autorización/inscrición:

Enderezo: Provincia:

Concello: Telf.:

Persoa responsable: Fax:

A.2. DATOS DO RESIDUO QUE SE TRANSFIRE

Nº de aceptación: Nº de orde de envío:

Características destacables para o seu transporte e manexo:

Código segundo a Lista Europea de Residuos (LER) anexo 2 Orde MAM/304/2002:

Descrición:

Cantidade kg netos: Kg brutos (incluso recipientes):

Código segundo táboas do anexo 1 do R.D. 952/1997:

Táboa 1	Táboa 2	Táboa 3	Táboa 4	Táboa 5	Táboa 6	Táboa 7
Q	D R		C C	H H	A	B

Descrición:

A.3. DATOS DO XESTOR (recolledor ou destinatario)

Nome ou razón social: NIF/CIF:

Denominación do centro: Nº autorización:

Enderezo: Provincia:

Concello: Telf.:

Persoa responsable: Fax:

A.4. DATOS DO TRANSPORTE COMPLETO PREVISTO

Primeiro traslado: data de inicio Data de entrega:

Razón social: Matrícula do vehículo:

Tipo de transporte: Telf.:

NIF do transportista: Fax:

Segundo traslado: data de inicio Data de entrega:

Razón social: Matrícula do vehículo:

Tipo de transporte: Telf.:

NIF do transportista: Fax:

B. DATOS PARA CUBRIR POLO XESTOR (recolledor ou destinatario)

Incidencias respecto aos datos do bloque A:

ACEPTACIÓN: SI ☐ NON ☐ Sinatura do/a responsable:

Cantidade aceptada (kg netos):

Data:

Asinado (nome e apelidos): Sr./Sra.

ANEXO V

Comprobante da entrega de residuos non perigosos

Nº:

A. DATOS DO CENTRO PRODUTOR Márquese cun X segundo sexa: PRODUTOR ☐ XESTOR INTERMEDIO ☐	
Nome ou razón social: Enderezo do centro de traballo: Concello:	NIF/CIF: Provincia:
B. DATOS DO RESIDUO	
Código LER: Descrición: Cantidade: .....kg / .....m^3 Número de rexistro da caracterización básica ou outra referencia (cubrir só cando o destino é un vertedoiro):	
C. DATOS DO TRANSPORTISTA	
Nome ou razón social:	NIF/CIF: Nº de inscrición:
C. DATOS DO XESTOR DESTINATARIO	
Nome ou razón social: Enderezo do centro de traballo: Concello:	NIF/CIF: Nº de autorización: Provincia:
D. INCIDENCIAS:	
Data da entrega: Responsable (nome a apelidos): Sinatura e selo da empresa: Acepto os residuos sinalados neste documento e asumo a responsabilidade da súa xestión	

Cubrir dous exemplares, un para o produtor e outro para o xestor

ANEXO VI

Comprobante da entrega de residuos de construción e demolición

Nº:

A. DATOS DO PRODUTOR	
Nome ou razón social: Enderezo do centro de traballo: Concello:	NIF/CIF: Provincia:
B. DATOS DO POSUIDOR	
Nome ou razón social: Enderezo: Concello:	NIF/CIF: Provincia: Persoa responsable:
C.DATOS DA OBRA DA QUE PROCEDEN OS RESIDUOS	
SITUACIÓN DA OBRA Enderezo: Concello: Provincia:	Número da licenza municipal da obra: (se está exenta indicar a referencia normativa que o xustifique)
D. DATOS DO RESIDUO	
Código LER: Descrición: Cantidade: .....kg / .....m^3 Número de rexistro da caracterización básica do residuo ou outra referencia (cubrir só cando o destino é un vertedoiro):	
E. DATOS DO XESTOR DESTINATARIO	
Nome ou razón social: Enderezo do centro de traballo: Concello:	NIF/CIF: Nº de autorización de xestor: Provincia:
F. INCIDENCIAS:	
Data da entrega: Responsable (nome a apelidos): Sinatura e selo da empresa: Acepto os residuos sinalados neste documento e asumo a responsabilidade de súa xestión	

Cubrir dous exemplares, un para o posuidor e outro para o xestor